



DITAME SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE REGULAN AS ENSEÑANZAS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

O Pleno do Consello Escolar de Galicia, nas súas sesións dos días 28 e 29 de marzo e 13 de abril de 2007, emite o seguinte ditame en relación co Proxecto de decreto polo que se regulan as ensinanzas da Educación Secundaria Obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

1.- No preámbulo, no apartado no que se relacionan os diferentes anexos que se inclúen no Proxecto de decreto, o Consello Escolar propón que se engada un título para o anexo IV en coherencia cos restantes. *(Páxina 1, liña 62).*

2.- No texto do artigo 1, propónse a substitución de: “que impartan ditas ensinanzas”; polo seguinte: “**que impartan estas ensinanzas**”. *(Páxina 2, liña 16).*

3.- Para o punto 7 do artigo 2, propónse a inclusión da palabra: “**excepcionalmente,**”, despois de: “... curso académico ou,”. *(Páxina 2, liña 61).*

4.- No apartado h) do artigo 4, propónse cambiar o texto: “na lingua castelá e na lingua galega”; polo seguinte: “**na lingua galega e na lingua castelá**”. *(Páxina 3, liña 43).*

5.- Para o apartado k) do artigo 4, propónse unha nova redacción: “**Coñecer o corpo humano e o seu funcionamento, aceptar o propio e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos do coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión psico-biolóxica e emocional da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora**”. *(Páxina 3, liña 52).*

6.- Para o apartado m) do artigo 4, propónse unha nova redacción: “**Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e mellora, entender a realidade sociolingüística galega e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito**”. *(Páxina 3, liña 62).*



7.- Propónse un novo apartado para o artigo 4, coa seguinte redacción: **“Coñecer e valorar a importancia do uso do noso idioma, elemento fundamental para a mantenza da nosa identidade”**. (Páxina 4, liña 3).

8.- No punto 3 do artigo 5, propónse substituír: “... nos centros dependentes da Consellería...”; por: **“... en todos os centros de ensino regrado de Galicia...”**. (Páxina 4, liña 14).

9.- No punto 1 do artigo 6, propónse a supresión do texto: **“- Segunda lingua estranxeira”**. (Páxina 4, liña 42).

10.- No punto 2 do artigo 6, propónse a inclusión do texto: **“, no primeiro e segundo curso,”** a continuación de: “non sexa materia obrigatoria”. (Páxina 4, liña 47).

11.- No punto 3 do artigo 6, propónse a adición dun novo texto, que diga: **“e a segunda lingua estranxeira”**. (Páxina 4, liña 50).

12.- Para o punto 4 do artigo 6, propónse un novo texto que diga: **“No segundo curso o alumnado cursará as materias relacionadas no apartado 1 e ademais “Música”, “Educación para cidadanía e os dereitos humanos”, “Tecnoloxía” e “segunda lingua estranxeira””**. (Páxina 4, liña 52).

13.- No punto 5 do artigo 6, propónse a inclusión do texto: **“, “Música”, “Educación plástica e visual””** a continuación de: “Tecnoloxía”. (Páxina 4, liña 55).

14.- Para o punto 3 do artigo 9, propónse unha nova redacción: **“En cuarto curso o alumnado poderá cursar como optativa calquera das materias relacionadas no artigo 7.2, que non fose elixida de acordo co establecido nese punto do artigo”**. (Páxina 6, liña 25).

15.- No artigo 9, propónse cambiar a denominación do último parágrafo: “e”); por **“5.-“**. (Páxina 6, liña 32).

16.- No punto 6 do artigo 11, propónse un novo texto en substitución do existente: **“Se no proceso de avaliación se advertise que un alumno ou alumna non ten un progreso adecuado, o centro educativo, unha vez detecte as dificultades de aprendizaxe, adoptará as medidas necesarias coa finalidade de que o alumnado afectado adquira os coñecementos necesarios para continuar o proceso educativo”**. (Páxina 7, liña 4).

17.- Para o punto 6 dese mesmo artigo, propónse a substitución de: “... en cada un dos cursos que terán lugar no mes de setembro”; polo seguinte: **“... en cada un dos cursos. As probas extraordinarias realizaranse no mes de setembro”**. (Páxina 7, liña 34).

18.- No punto 6 do artigo 14, propónse cambiar a expresión: “artigo 11.9”; por **“artigo 12.9“**. (Páxina 9, liña 1).

19.- Para o segundo parágrafo do punto 4 do artigo 15, propónse a substitución de: “lingua galega e literatura, lingua castelá e literatura e primeira lingua estranxeira”; polo seguinte: **“lingua galega e literatura e lingua castelá e literatura”**. (Páxina 9, liña 35).



20.- No punto 9 do artigo 15, propónse a supresión do seguinte texto: **“Para a impartición do ámbito lingüístico e social terase como criterio preferente ser titular da especialidade de lingua galega e literatura ou de lingua castelá e literatura”**. (Páxina 9, liña 54).

21.- No punto 4 do artigo 17, propónse cambiar o texto: “artigo 15.7”; por **“artigo 16.6”**. (Páxina 11, liña 40).

22.- No punto 1 do artigo 19, propónse a substitución de: “informativo para as familias e para o conxunto da comunidade educativa”; polo seguinte: **“informativo para as familias e para o conxunto da comunidade educativa conxugando as normas legais dos preceptos educativos coas correspondentes ao dereito á intimidade, honra e á protección de datos, ...”**. (Páxina 12, liña 40).

23.- Para o punto 3 da disposición adicional segunda, propónse unha nova redacción: **“Os que opten por recibir ensinanzas de relixión poderán elixir entre as ensinanzas de relixión católica, as daqueloutras confesións relixiosas ás que se refire o apartado 2 da disposición adicional segunda da Lei 2/2006, do 3 de maio, de educación, ou a ensinanza de historia e cultura das relixións”**. (Páxina 13, liña 28).

24.- Para o punto 8 dese mesmo artigo, propónse un cambio de numeración de. “8”; por: **“7”**. (Páxina 13, liña 49).

25.- Na disposición adicional terceira, propónse cambiar o texto: “artigo 1.4”; por **“artigo 2.4”**. (Páxina 13, liña 56).

26.- O Consello Escolar de Galicia propón a inclusión dunha nova disposición adicional, co seguinte texto: **“A Administración educativa poderá autorizar que unha parte do currículo se imparta en linguas estranxeiras, sen que isto supoña modificación dos aspectos básicos do currículo regulados no presente Decreto e de acordo co que se regula na disposición adicional segunda do Decreto .../2007, polo que se desenvolve a Lei 3/1983 de normalización lingüística. Os centros que impartan unha parte das áreas do currículo en linguas estranxeiras non poderán incluír en ningún caso requisitos lingüísticos entre os criterios de admisión de alumnos”**. (Páxina 14, liña 4).

27.- Propónse a substitución do terceiro parágrafo do *Anexo I: Competencias básicas*, polo seguinte: **“A inclusión das competencias básicas no currículo ten varias finalidades: integrar as diferentes aprendizaxes, tanto as formais, incorporadas ás diferentes áreas ou materias, como doutro carácter; permitirllas a todos os estudantes poñelas en relación con distintos tipos de contidos; utilizalas de xeito efectivo cando lles resulten necesarias en diferentes situacións e contextos, e orientar o ensino, ao permitir identificar os contidos e os criterios de avaliación que teñen carácter imprescindible e, en xeral, inspirar as distintas decisións relativas ao proceso de ensino e de aprendizaxe, a metodoloxía, a organización dos centros educativos, as relacións persoais e a participación de toda a comunidade educativa”**. (Páxina 15, liñas 14 a 22).



28.- No sexto parágrafo do *Anexo I: Competencias básicas*, último punto e seguido, propónse a supresión da expresión: “**Para rematar**”. O texto continuaría como: “A planificación das actividades ...”. (Páxina 16, liña 3).

29.- No cuarto parágrafo do apartado *Competencia en comunicación lingüística*, propónse a adición da palabra: “**clasisistas,**”, despois de “expresións”. (Páxina 17, liña 14).

30.- No último parágrafo do dito apartado *Competencia en comunicación lingüística*, propónse a adición do texto: “, **lingua propia de Galicia,**”, despois de “o galego”. (Páxina 18, liña 24).

31.- No parágrafo sétimo do apartado *Competencia social e cidadá*, propónse que se inclúa ao final deste o texto: “... e a **Declaración dos dereitos da infancia**”. (Páxina 24, liña 13).

32.- No apartado de *Ciencias da Natureza*, terceiro parágrafo, onde di: “Personaxes que influíron na forma de pensar da súa época e posteriormente, aparte dos xa citados, como: Newton, Lavosier, Boyle, ...”; propónse incluír entre eses personaxes o seguinte: “**Severo Ochoa**”. (Páxina 30, liña 42).

33.- No último parágrafo dese mesmo apartado, propónse a substitución de: “idiosincrasia”; polo seguinte: “**realidade**”. (Páxina 32, liña 1).

34.- No apartado de *Ciencias sociais, xeografía e historia*, no parágrafo que di: “No primeiro curso abórdase o estudo dos medios naturais - A terra e os medios naturais.”; propónse engadir o seguinte texto a continuación: “**Sociedades prehistóricas, primeiras civilizacións e idade antiga**”. (Páxina 56, liña 7).

35.- No apartado de *Obxectivo* da área de *Ciencias sociais, xeografía e historia*, no punto 7, propónse engadir despois de: “... non coinciden coas propias”; o seguinte texto: “**sempre que non sexan atentatorias contra a dignidade humana**”. (Páxina 57, liña 55).

36.- No *Bloque 3. Sociedades prehistóricas, primeiras civilizacións e idade antiga*; propónse a inclusión de: “**Os primitivos actuais**”; a continuación de: “Cazadores e recolletores. Cambios producidos pola revolución neolítica”. (Páxina 59, liña 28).

37.- No *Bloque 1. Contidos comúns*, punto 10; propónse cambiar o texto: “visigodo e suevo”; polo seguinte: “**suevo e visigodo**”. (Páxina 61, liña 9).

38.- No punto 2 deste mesmo bloque, propónse substituír: “Liberalismo e Nacionalismo.”; polo seguinte: “**Liberalismo, Nacionalismo e Imperialismo:**”. (Páxina 66, liña 37).

39.- Nese mesmo bloque, punto catro, propónse engadir ao final o seguinte texto: “**Revolución soviética e triunfo do comunismo**”. (Páxina 66, liña 43).

40.- Nese mesmo bloque, punto quinto, propónse substituír: “Guerra civil”; polo seguinte: “**Guerra civil e represión en Galicia**”. (Páxina 66, liña 44).

41.- No punto primeiro do *Bloque 3. O mundo actual*, propónse engadir despois de: “Terceiro mundo.”; o seguinte texto: “**O Neocolonialismo.**”. (Páxina 67, liña 3).



42.- No bloque *Educación para a cidadanía*, apartado *introdución*, propónse a substitución de: “entender o exercicio da cidadanía como o valor fundamental da vida humana”; polo seguinte: **“entender o exercicio da cidadanía como un valor importante nas relacións humanas”**. (Páxina 69, liña 8).

43.- Nese mesmo apartado do bloque *Educación para a cidadanía*, no parágrafo que empeza por: “O bloque 2, Identidade e alteridade”; propónse a supresión do texto: **“, referente último da moralidade”**. (Páxina 69, liña 47).

44.- No punto primeiro do *Bloque 2. Relacións interpersoais, convivencia e participación*, propónse a substitución de: “Coñecemento dos conceptos”; polo seguinte: **“Comprensión e incorporación dos conceptos”**. (Páxina 72, liña 72).

45.- No primeiro parágrafo do *Bloque 3. Deberes e dereitos cidadáns*, propónse a substitución dese parágrafo polo seguinte: **“Identificación e exercicio dos dereitos recoñecidos aos alumnos e asunción dos seus deberes”**. (Páxina 73, liña 12).

46.- No primeiro punto do *Bloque 5. Cidadanía en tempos de globalización*, propónse a substitución de: “Elementos culturais ...”, por: **“Identificación dos elementos culturais ...”**. (Páxina 74, liña 5).

47.- No cuarto parágrafo do bloque *Lingua galega e literatura*, propónse un texto de engadido, despois de “derivado do proceso de minorización que sofre”, que diga: **“A literatura tamén contribúe a fomentar o gusto pola lectura, a mellorar a súa capacidade de comprensión e interpretación de mensaxes escritas e a formar o espírito crítico do alumnado.**

A través da literatura podemos traballar na aula con temas transversais como a paz no mundo, a igualdade de sexos, a violencia de xénero, as inxustizas sociais, a marxinación social, a discriminación racial, os prexuízos lingüísticos, a desprestixiación e minorización lingüística, a solidariedade, a violencia de certos grupos sociais... Deste modo formaremos o espírito crítico do alumnado inculcándolle valores éticos, socioculturais... e fomentaremos neles a tolerancia e a capacidade de apreender o mundo desde diferentes perspectivas.”. (Páxina 93, liña 47).

48.- No *Bloque 4. Técnicas de expresión e comunicación*, propónse a inclusión dun novo punto co seguinte texto: **“- Coñecemento da linguaxe icónica como base para o dominio da expresión por medio da imaxe e asimilación das diversas técnicas cinematográficas: planos, universo fílmico, movementos de cámara, panorámicas, trucos e recursos do cinema”**. (Páxina 185, liña 7).

49.- No punto 5 do *Bloque 1. Condición física e saúde – Primeiro curso*, propónse a inclusión da verba que está en negriña: “Condición física. Capacidades físicas **principalmente** relacionados coa saúde”. (Páxina 199, liña 28).

50.- No punto 3 do *Bloque 1. Condición física e saúde – Segundo curso*, propónse a inclusión da verba que está en negriña: “Capacidades físicas **principalmente** relacionadas coa saúde: resistencia aerobia e flexibilidade”. (Páxina 201, liña 46).

51.- No punto 3 do *Bloque 1. Condición física e saúde – Terceiro curso*, propónse a inclusión da verba que está en negriña: “Vinculación das capacidades físicas **principalmente** relacionadas coa saúde...”. (Páxina 204, liña 23).

52.- No punto 3 do *Bloque 1. Condición física e saúde – Cuarto curso*, propónse a inclusión da verba que está en negriña: “Sistemas e métodos de adestramento das capacidades físicas **principalmente** relacionadas coa saúde...”. (Páxina 207, liña 1).

53.- No punto 3 do *Bloque 2. As relixións monoteístas*; propónse a inclusión do seguinte texto ao final do parágrafo: “**A expansión do cristianismo en Galicia e o papel e influencia na nosa historia e cultura do culto Xacobeo**”. (Páxina 219, liña 26).

54.- No anexo III, propónse a substitución do cadro de distribución horaria de materias por curso, polo seguinte:

MATERIAS	CURSOS			
	1º	2º	3º	4º
Bioloxía e xeoloxía	-	-	2	3*
Ciencias da natureza	4	3	-	-
Ciencias sociais, xeografía e historia	3	3	3	3
Educación física	2	2	2	2
Educación para a cidadanía e dereitos humanos	-	2	-	-
Educación ético-cívica	-	-	-	1
Educación plástica e visual	2	-	2	3*
Física e química	-	-	2	3*
Informática	-	-	-	3*
Latín	-	-	-	3*
Lingua galega e literatura	4	3	3	3
Lingua castelá e literatura	4	3	3	3
Primeira lingua estranxeira	3	3	3	3
Segunda lingua estranxeira	2	2	2*	3*
Matemáticas	4	4	4	3
Música	-	2	2	3*
Tecnoloxía	-	-	-	3*
Tecnoloxías	-	3	2	-
Relixión	2	1	1	1
Proxecto interdisciplinar	1	-	-	-
Titoría	1	1	1	1
Optativa	-	-	2*	3*
TOTAL	32	32	32	32



55.- No anexo IV, propónse a substitución do cadro de materia e especialidade do profesorado, polo seguinte:

MATERIA	ESPECIALIDADE PROFESORADO
Ciencias da natureza	Nos cursos de 1º e 2º, mestres da especialidade de Ciencias da natureza. Bioloxía e xeoloxía, Física e química
Educación ético-cívica	Filosofía, Xeografía e historia
Educación para a cidadanía e os dereitos humanos	Filosofía, Xeografía e historia
Taller de iniciativas emprendedoras	Administración de empresas, Economía, Organización e xestión comercial, Xeografía e historia.
Historia e cultura das relixións	Filosofía, Xeografía e historia
Informática	Tecnoloxía, Informática, Matemáticas, Física e química

56.- No Anexo III, na relación de materias optativas para o 3º curso débese eliminar a de “**Música**”. (páxina 233, liña 10).

57.- O Consello Escolar de Galicia considera que para elaborar o presente currículo habería que romper coa súa estrutura ríxida; deberíase flexibilizalo e introducir novos contidos, ademais das áreas instrumentais (cálculo, lectura e escritura) sen perder de vista as metas a acadar e as competencias básicas.

58.- O Consello Escolar de Galicia propón que a comisión técnica encargada de redactar o proxecto de decreto revise unha vez máis o texto para corrixir o que parecen ser erros de redacción e de utilización de linguaxe sexista e discriminatoria.

O Secretario

Asdo.: José Alejo Losada Aldrey

V. e Pr.
A Vicepresidenta

Asdo.: Milagros Blanco Pardo